

TEMA 1

1. Contesta

- a. Que significa ser soberano? Que organización política detenta a soberanía?
- b. A quen lle pode ceder parte desta soberanía? Enumera e pon exemplos.
- c. Son o mesmo o concepto Estado e o de Nación? Define ambos conceptos
Poden existir os estados plurinacionais? Explica.

2. Completa e enumera.

- a. Completa o texto e o esquema.

O Estado é o conxunto de _____ creadas para regular a vida e as actividades das _____ que viven nun mesmo _____, gobernadas por unhas mesmas _____ e baixo un mesmo _____.

O territorio do Estado está delimitado por unhas _____ e posúe uns _____ que o identifican (himno, bandeira, ...).

- b. Enumera as funcións máis importantes do Estado.

- c. Explica a fresa: “O Estado, no seu territorio, ostenta o monopolio da violencia física lexítima”.
Con que función do Estado podemos relacionar esta frase? Explica.

3. Contesta.

- a. Cantos Estados existen no mundo na actualidade?
Indica algunhas razóns polas que pode variar o número de Estados que hai no mundo?
- b. Que é o estado do benestar?

4. Investiga e contesta.

Entra en <http://geacron.com/home-es/?lang=es>

Fai zoom en Europa e centra o mapa para ver ben ese continente.

Compara os mapas do ano 1901 e do ano 2000.


a. Cantos países existían en cada un deses anos?

b. Que Estados aparecen no mapa do ano 2000 que no 1901 pertencían ao:

- Imperio Alemán:
- Imperio Austro-hungaro:
- Imperio Ruso:
- Imperio Otomano (só en Europa):

5. Completa.

a.



b. Que pretende a división de poderes?

c. Cales son os dous requisitos básicos dunhas eleccións libres?

d. Indica dúas diferencias fundamentais entre unha democracia e unha ditadura.

6. Contesta.

a. En que se diferencian unha monarquía e unha república? Pon dous exemplos europeos de monarquía e dous de república.

b. E as características dun rei e un presidente da república?

c. Que dous tipos de monarquías existen? Explica.

d. Que tres tipos de repúblicas existen? explica

7. Completa o cadro.

a. Estados segundo a relixión.

Laicos	
Aconfesionais	
Confesionais	
Teocráticos	

b) Enumera tres características dos estados centralizados e outras tres dos estados descentralizados. Indica un par de exemplos.

Centralizados	Descentralizados
Exemplos	

8. Contesta e enumera.

a. Que é o dereito internacional?

b. Enumera as formas de relación pacífica que se establecen entre os Estados.

c. Que son as organizacións supranacionais ou internacionais?

d. Cal é a diferenza principal entre os organismos internacionais e os supranacionais?
Pon un exemplo de cada.

e. Une os tipos de organismos segundo o seu ámbito

a. Económico

b. Militar/Defensa

c. Político/Diplomático

d. Científico/Cultural...

1. FMI

2. Banco Mundial

3. OTAN

4. Consello de Seguridade da ONU

5. ONU

6. TPI

7. OMS

8. IPCC

9. UNESCO

10. FAO

f. Indica un organismo rexional de cada un destes continentes: América, Europa, África, Asia:


9. Contesta e completa

a. Que é a ONU? Que significan as siglas?
Cando se creou?

b. Cales son os obxectivos principais da ONU? Enumera.

c. Cales son os seus principais puntos febles? Explica.

d. Completa.



e. Define a función tres dos varios organismos especializados que existen.

10. Contesta:

a. Fai un pequeno esquema sobre os tipos de conflitos e sobre os principais motivos.

b. Quen tutela a intervención da comunidade internacional no caso de conflitos graves?

En que casos esta organización lexitima o uso da forza?

Que é o dereito a inxerencia? Explica os seus obxectivos.

Ten a ONU exército propio?


Quen son os cascos azuis? Cal é a súa función principal?

c. Que é o terrorismo?

d. Indica os trazos principais do terrorismo global.

TEMA 2

1. Nomea os países da UE e as súas capitais. Pinta con diferentes cores ou tramas segundo o ano no que se uniron a UE, e fai a lenda indicando o ano de adhesión.
No caso de Gran Bretaña indica o ano de adhesión e o ano de saída.




2. Fai unha liña do tempo onde aparezan os principais fitos na historia da UE.

Separa os feitos institucionais (parte alta da liña) dos territoriais (parte baixa) e engade que países foron uníndose en cada ampliación (Europa dos Seis, dos Nove,...).

- | | | |
|-------------------------------|----------------------|----------------------------------|
| - Europa dos 6. | - Tratado de Lisboa. | - Tratado de Amsterdam. |
| - Tratado de Maastricht (UE). | - Europa dos 9. | - Circulación do Euro. |
| - Europa dos 12. | - Europa dos 10. | - Europa dos 25. |
| - Acta Única Europea. | - Creación da CECA. | - Tratados de Roma_CEE, EURATOM. |
| - Europa dos 27. | - Europa dos 15. | - Brexit |
| - Tratado de Niza. | - Europa dos 28. | |

1951, 1957, 1958, 1973, 1981,
1986, 1986, 1993, 1995, 1999,
2000, 2002, 2004, 2007, 2009,
2013, 2019.



3. Contesta.

a. Por que se di que no 2012 tivo lugar unha unión económica e monetaria? Explica.

b- Cales son os dous puntos principais da converxencia política de UE.

c. Completa o cadro, distribuindo as elementos do cadro inferior onde corresponda.

PRINCIPAIS INSTITUCIÓNS DA UE.	
Parlamento Europeo	
Comisión Europea	
Consello da Unión Europea	
Tribunal de Xustiza	
Tribunal de Contas	
Consello Europeo	

- Representa os intereses da Unión no seu conxunto.
- Representa os cidadáns da UE.
- Representa os Gobernos dos Estados membros.
- Reunión dos xefes de Estado ou de Goberno .
- Esta formada por 27 comisarios, un por cada Estado membro.
- Os deputados son elixidos por sufraxio universal
- Está composto polos ministros dos países.
- Propón as leis ao Parlamento e ao Consello e vela para que se apliquen...
- Controla o financiamento das actividades da Unión.
- Aproba, xunto co Consello da UE, a lexislación e o orzamento, e controla a Comisión.
- Interpreta o Dereito da UE e vela polo seu cumprimento.
- Aproba a lexislación e o orzamento da UE, coordina as políticas económicas...

4. Contesta.

a. Indica os seguintes datos:

- Poboación da UE (absoluta e relativa):
- Volume de produción mundial (%)
- Comercio mundial (%)

b. Como enfronta a UE os contrastes existentes entre os países membros?

Enumera os obxectivos destas políticas.

c. Como se materializa a política rexional? Enumera os tres tipos de fondos.

d. Indica os dous maiores retos políticos para o futuro da UE?

5. En España:

a. Quen elixe aos ministros?

E ao presidente do goberno?

b. Quen elixe as Cortes Xerais?

Que dúas institucións as forman?

c. Completa:

Principias institucións de España		
	Institucións	Funcións
Xefatura de Estado		
Poder Lexislativo		
Poder Executivo		
Poder Xudicial		


6. A organización territorial de España.

Os _____ son as unidades territoriais máis elementais do Estado, e réxese a través dos _____; e o pleno está formado por _____ e _____. Estes organízanse en 50 _____, que son territorios administrados polas _____.

En 1978 a _____ recoñeceu o dereito das nacionalidades e das rexións que integran o Estado a constituírse en _____. Estas réxense polos seus _____, onde se recollen as institucións, normas,... para exercer as súas funcións. As _____ autonómicas poden ser exclusivas ou compartidas co Estado.


7. Realiza:

1. Remarca o perímetro das distintas Comunidades Autónomas indicando o nome de cada CCAA e o nome dunha provincia de cada CCAA non uniprovincial.



8. Contesta as preguntas

20. CONTRASTES ENTRE AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS



20 INTERPRETA OS MAPAS.

- Cal é a Comunidade Autónoma máis extensa? E a menos extensa? Que superficie ten o territorio de Galicia?
- Onde se concentra a maioría da poboación de España? Comenta como se distribúe a poboación en Galicia.
- Que Comunidades xeran maior riqueza? Cales menos?
- Que indica o PIB per cápita? Como é en Galicia, superior ou inferior á media?
- En que Comunidades hai máis poboación dedicada ao sector primario? En cales ten máis peso a industria? E os servizos?

9. Investiga, contesta e completa.

a. Investiga na rede que significa acceder á autonomía pola vía rápida?

Que CCAA accederon desta maneira?

Por que puideron acceder así?

b. Completa.

O seu Estatuto de autonomía, aprobado o 6 de abril de _____ establece disposicións xerais, as competencias e os poderes

- Definen a Galicia como unha _____, cuxo territorio comprende as provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.
- Establecen o _____ como lingua propia e definen os símbolos institucionais: a bandeira, o escudo e o himno
- As _____ da comunidade son numerosas. Entre elas:
 - organizar as súas _____;
 - agricultura, gandería, pesca, enerxía e minas...
 - _____, asistencia social; investigación; cultura, _____; deporte e ocio; urbanismo e vivenda.
 - ordenación do territorio e do litoral; protección ambiental...
- Os poderes da comunidade autónoma:
 - O _____ representa o pobo galego.
 - Está formado por _____ elixidos por sufraxio universal cada catro anos nas eleccións autonómicas.
 - As súas funcións son _____ da comunidade, aprobar os _____, controlar a Xunta...
 - O _____ é a máxima representación da comunidade.
 - A súa elección correspóndelle ao _____ e dirixe a _____, o órgano de goberno de Galicia.
 - _____ de Galicia é a instancia xudicial mais alta da CC.AA.

c. Enumera de maior a menor as 4 entidades locais territoriais de Galicia.

Que son as comarcas? E as parroquias?

Que entidades locais non territoriais coñeces? Enumera.

TEMA 3

1. Completa.

a. Trazos que definen a actividade económica:

A actividade económica diríxese a _____ humanos.

Os _____ son mercadorías tanxibles e os _____ son actividades que non producen nada material.

A _____ é a cantidade de produto que os produtores poñen á venda, e a _____ é

a cantidade de produto que os consumidores desexan adquirir.

O valor en diñeiro do conxunto dos bens e servizos producidos durante un ano nun territorio e o que se denomina _____.

b. Cales son as tres fases da actividade económica? Enumera.

2. Os sectores económicos:

a. Cales son os sectores económicos? Indica un subsector de cada un deles.

En que porcentaxe contribuíu cada sector ao PIB de España?

b. De que se ocupa cada sector:

-
-
-

3. Contesta e completa.

a. Identifica os axentes que realizan as actividades económicas.

b. Completa:

OS AXENTES ECONÓMICOS		

4. Contesta.

a. Que factores interveñen na produción? Explicaos.

b. Que tres tipos de capital existen? En que consiste cada un?

c. Que significan as siglas I+D+i?

Por que é importante o I+D+i? (tecnoloxía)

5. Globalización.

a. Que é a globalización?

Que supón a nivel de impostos?

b. Indica un par de consecuencias da globalización.

c. Que organismos apoian o seu desenvolvemento?

d. Que significa liberalizar os intercambios?

Indica e explica un par das principais barreiras ou obstáculos a liberización.

6. Deslocalización.

a. Que é a deslocalización?

b. Que vantaxes buscan as empresas?

c. Que efectos produce?

(2 exemp.)	Nos países de orixe	Nos países de destino
Positivo	- -	- -
Negativo	- -	- -

d. Indica un par de vellos problemas laborais.

7. Contesta.

- a. Que son os países emerxentes? Pon un exemplo de cada continente.

- b. Indica resumidamente as vantaxes dos países emerxentes ante a globalización.

- c. Cales son as limitacións as que se enfrentan eses países?

8. BRICS.

- a. Que son e quen son os BRICS?
Por que se lles chama así?

- b. Que lugar ocupan na economía mundial?

- c. Que características definen os BRICS?

9. Potencias tradicionais.

- a. Que son as potencias tradicionais?
Pon tres exemplos de potencias tradicionais.

- b. A nova situación pon en risco o estado do benestar? Explica.

10. Fai os cálculos e contesta as preguntas.

a) Calcula as porcentaxes do PIB das catro primeiras Potencias Tradicionais por un lado e os catro primeiros BRICS por outro.

(A hora de calcular a suma utiliza un so decimal)

b) Que porcentaxes suman as 4 potencias tradicionais? E os 4 BRICS? E o resto?

c) Representa esas tres porcentaxes no circulo mediante un gráfico de sectores (Tradicionais, BRICS, o resto).

Lista según el **Fondo Monetario Internacional (2018)**¹

Pos. ↕	País ↕	PIB nominal (millones de USD) ↕
	Mundo	79 865 481
1	 Estados Unidos	20 513 000
2	 China	13 457 267
3	 Japón	5 070 626
4	 Alemania	4 029 140
5	 Reino Unido	2 808 899
6	 Francia	2 794 696
7	 India	2 689 992
8	 Italia	2 086 911
9	 Brasil	1 909 386
10	 Canadá	1 733 706
11	 Corea del Sur	1 655 608
12	 Rusia	1 576 488
13	 España	1 437 047

